



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O CONCELLO A CORUÑA, PARA CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CEIP EN MESOIRO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de A Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 26 de xullo de 2016 e estará en vigor en tanto os edificios estean afectos ao uso educativo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os mecanismos de colaboración necesarios entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de A Coruña para a construción dun novo Centro de Educación Infantil e Primaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na cidade da Coruña, o incremento de alumnos ten sido constante se vemos a evolución dende o ano 2009. Este incremento é especialmente importante na periferia da cidade nas zonas de nova urbanización, como é o Novo Mesoiro, onde no desenvolvemento urbanístico xa se preveu unha parcela dotacional docente.

A construción dun novo CEIP responde ao crecemento demográfico da zona que ten esgotado as capacidades das instalacións dos centros existentes na zona, polo que os





estudos demográficos avalan a necesidade de construción dun novo CEIP na parcela proposta polo concello, cualificada como de uso docente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

(asinado dixitalmente)

